

Idioma:

**detalle da nova**portada - **temático libre****Lévanse a cabo os primeiros traballos no Cesga para crear una base de datos europea sobre educación en rede** [9/1/2006 15:06]

-Profesores de seis países comunitarios participan neste proxecto chamado Efelcren, financiado con 338.000 euros pola UE

Profesores dun total de seis países europeos reúnen na Universidade de Santiago de Compostela e no Centro de Supercomputación de Galicia para iniciar os traballos de investigación cos que arrancará o proxecto Efelcren.

Trátase dun proxecto que pretende desenvolver unha base de datos común europea e que terá como principal obxectivo proporcionar materiais didácticos flexibles para contornos de educación en rede (e-learning).

Baixo a denominación Efelcren, acrónimo da tradución ao inglés do lema "Contornos educativos flexibles e creativos", o proxecto abordará a análise e o desenvolvemento dun espazo de traballo colaborativo para a creación e a validación comunitaria de materiais didácticos, que serán empregados en espazos de formación on-line de Educación Primaria e Secundaria.

Para logralo, a iniciativa conta coa participación non só de profesores, senón tamén de investigadores en didáctica e novas tecnoloxías, técnicos TIC e estudantes europeos, que permitirán establecer, baixo criterios didácticos comúns, as mellores estratexias para a aprendizaxe electrónica.

**Contidos interactivos**

A base de datos resultante proporcionará materiais con contidos interactivos, como simulacións, arquivos interactivos ou video clips, acordes a criterios comúns de calidade. Os documentos, dado o carácter comunitario dos mesmos, estarán dispoñibles on-line en diferentes idiomas. Todo isto co fin de que calquera profesor, en calquera lugar de Europa, poida aplicar os mesmos métodos e adaptalos ás súas propias necesidades, redundando así na mellora do proceso educativo.

O proxecto Efelcren conta cunha financiación por parte da Unión Europea de 338.000 euros achegados a través do programa Socrates-Comenius 2.1. Terá unha duración aproximada de 36 meses (ata decembro de 2008) e estará coordinado pola Profesora Beatriz Cebreiro do Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela.

as

**AGN PRODUCTOS**

**Rexístrate en AGN** contratando algún dos nosos produtos, disporá de toda a información do día que precise.

Consulte as nosas ofertas para face-la súa elección.

**A maior oferta** en servizos de información de Galicia.

Faga **click** nos nosos produtos e siga as instrucións para rexistrarse.

**Contacte con nós**ical  
agencia de noticias  
de castilla y leónacn  
PRESSACNI  
AGENCIA CATALANA DE NOTICIES@ragón  
PRESS

VascoPress